


DIRECCIÓN E REDACCIÓN: BEGOÑA ALLEGUE / OLGA CABALAR



17-MAIO: LETRAS GALEGAS

O MAR  
PROXECTO DE CENTRO  
2021-22LECTURAMOS  
O BLOGUE DA  
BIBLIOTECA E EDL

# MARE MAGNUM

## 17- maio: Día das Letras Galegas

Non hai moito tempo o mar levaba a moitos galegos. Leváboas lonxe, alén da súa terra. Ían, obedecendo a chamada das Américas, cheos de soños, lirismos e saudades, con tenaz espírito de traballo e con afán de regresar á súa terra natal. Xa se doía Castelao de que: *as necesidades económicas nos empuxasen sempre a buscar terras de mellor vivir...*

Pero non só as necesidades económicas mandaban. Un grupo importante tivo que marchar por mor das posibles represalias da ditadura franquista logo da guerra civil. Así, *polo mundo espallados van os netos dos celtas*. **Florencio Delgado Gurriarán**, membro activo do Partido Galeguista en Valdeorras e delegado do SERE (Servicio de Evacuación de Refuxiados Españóis), cruzou o océano en 1939 a bordo do *Ipanema*, barco con case mil refuxiados españois a bordo, que ía cara a México. Era un dos tres barcos da liberdade que partían desde Francia, e a viaxe non estivo exenta de sobresaltos. Pero o que máis lembraba o noso protagonista era que cando tocou cruzar por fronte as costas de Galicia reuníronse un grupo de galegos (que era dos máis numerosos) e cantaron o himno galego á vez que lanzaban unha botella ao mar cun saúdo, ou mellor dito, cunha despedida.

Cando chegou a terras aztecas tivo un só propósito: manter vivas a lingua e a cultura galegas.


Así, compaxinou a súa loita polo pan cotián, cun interesante labor cultural, plasmado na promoción de iniciativas como o *Padroado da Cultura Galega en México* (creado en 1953), a revista *Vieiros* – en cuxas páxinas dialogaron voces do exilio mexicano coas que quedaron en Galicia, tanto consagradas como outras moi novas naquel momento –, o programa radiofónico *Hora de Galicia*, que estivo en antena todos os domingos durante case dúas décadas, e outras publicacións de carácter político e cultural.

É dicir, que no exilio, enseguida implicouse na revitalización cultural nun tempo en que a cultura galega da terra quedaba muda no seu propio idioma.

Ademais, para este avogado a poesía era unha necesidade vital, *infinda*.

E expresou esta necesidade así: *“Vai formándose aos poucos a idea dun poema nun, e hai necesidade de expresala, de escribila. Mentres tanto sintome incómodo”*

Na súa poesía teñen cabida os sons que o rodean e así xorden os *crioulos*, poemas nos que mesturaba o galego coa lingua indíxena de México, o país no que viviu case medio século. E á notable ferverza



*Nosa Galicia é máis que toda a Terra  
Galicia só limita coa Saudade  
elástica fronteira*

*que serve para o tempo e para o espacio  
-onde un galego está, atópase ela-  
mais que ninguén a travésala pode  
inda que leve nos papés: poeta.*

Florencio Delgado

de americanismos, únense estranxeirismos e numerosos galicismos, coa particularidade de estaren escritos tal e como serían ditos por calquera emigrante galego.

En México Delgado Gurriarán tamén empeza unha nova actividade literaria: a tradución de poetas consagrados da literatura universal, da que é exemplo Poesía inglesa e francesa vertida ao galego de 1946. Así, traduce autores de diferentes épocas, estilos e sona. Nestes textos, dos que a miúdo fai versións libres que el califica de "alta traición poética", é doado concluír que neles agroman os intereses estéticos do poeta valdeorrés (musicalidade, imaxinismo, saudade, afastamento, idealización do territorio perdido, estilismo paisaxista...). Delgado desenvolve unha intensa actividade como traductor, que el explicará anos máis tarde como un exercicio para arrequecer o seu "pobre" (sic) vocabulario galego.



E así pasaron os anos, un total de 48.


Malia estarmos a falar dunha obra de pouca extensión, a súa poesía de ampla temática inclúe todos os feitos históricos vividos, ben como protagonista ben como espectador de privilexio. Todo isto poetizado coa linguaxe cotiá, para que sexa comprensible para toda clase de lectores, aos que quere facer coparticipes da loita liberadora do pobo, mais sen renunciar en ningún momento a desenvolver brillantes momentos poéticos.

Voltou a Galicia para tomar posesión do seu cargo como membro da Real Academia Galega e do Instituto de Estudos Valdeorreses, pero xa fixera vida nas Américas, e alí morreu en 1987. Quédannos obras como *Bebedeira*, *Galicia infinda*, *Cantarenas* ou *O soño do gueiro*.

## Faltando, fanando, latando...

Desde que contamos co recurso do Abalar xa non queda tan impune o de faltar á clase. Con todo, sempre nos quedarán as expresións para cando sexa o caso, e diso en galego contamos cunhas cantas. Se ben un mugardés poida sorprenderse moito cando escoita os vigueses falar de "colgar clase", tampouco é menos sorpresa que un olívico escoite o "palmar" usual en Ferrol. Entre medias quedan o "latar" propio da costa atlántica (e de Ourense, pois sae n'Os biosbardos de Blanco Amor), o "copar" de Pontevedra ou o "fanar" de Valga. Pola súa banda, no rural o feito de "correr a escola" tiña expresións propias das actividades alternativas á asistencia lectiva: "ir/andar ós niños", "andar ás mazás", "facer a escola no camiño" ou "facer a gata". Este último animal adoito se substitúe con outros substantivos, como "facer a gatada" (ou "gatear"), "facer a mica" (ou "micar"), "facer a godalla" (ou "agodallar"), "facer as lebres" (todos estes animais, como "gata"), "facer a añagota" [DFGCCG], "facer a lata" (que é de onde procede o de "latar") e, por fin, os seus derivados "facer a latarega/latarusa". Non se pode dicir pois que en Galicia non temos experiencia no asunto, pois léxico e fraseoloxía temos abondo.

**Víctor Fresco**



# Florencio Delgado

## Semana das letras

Como conmemorar as nosas letras é festexar e reivindicar a lingua galega, o departamento de **Galego** propuxo esta actividade de 5 días en galego en que toda a comunidade educativa participou utilizando e facendo máis visíbel o noso idioma, derribando así fronteiras e prexuízos.

Semana das Letras  
**#5díasengalego**

**16 de maio**  
Fala en galego no instituto  
Saídos e despedidas, converses cos profes, compra na cafetería, realiza un exame, pide as fotocopias na conserxaría, pregunta no máis, pídelles algo a un compañeiro, dá as grazas...

**17 de maio**  
Practica galego na casa  
Conversa cos familiares, visita ou chama por teléfono ao avó ou outros familiares, escribe no whatsapp do grupo da casa, busca e comparte música e cancións, le un poema de Florencio...

**18 de maio**  
Escoita o galego da rúa  
Presta atención ás persoas, solicita información, entra nunha tenda, le con atención os rótulos e indicadores, pide a consumición, saúdos e despedidas...

**19 de maio**  
Escribe nas redes #5díasengalego  
Envía whatsapps, configura o móbil, escribe no teu muro, etiqueta co cancelo #5díasengalego, busca youtubeir@s, busca música en galego...

**20 de maio**  
Ensina o teu diario en galego  
Escribe o diario semanal de uso da lingua, reflexiona sobre a experiencia, expón na clase...

# Illas imaxinarias

Os territorios insulares atraeron sempre a imaxinación dos pobos e dos fabuladores de todos os tempos. Hai illas afortunadas, illas para a utopía, illas onde habita o horror, illas para tesouros e robinsons, e outras moitas a cal máis singular. Entra en **Lecturamos** e comproba a maxia que rodea a estes territorios nados da imaxinación de distintos autores.

Traballo feito polo alumnado de *Investigación e tratamento da información (2º ESO)*



# Guía de lectura

**NENAS QUE CONTAN MOITO**

**GUÍA LECTURA BIBLIOTECA LES MUGARDOS**

**PIPIPI CALZASLARGAS.** Astrid Lindgren  
Pippi ten oito anos e vive en Vila Villekulla co seu mono e o seu cabalo.

Pippi vive soa, sen a compañía de ningún adulto. Ela é unha nena autosuficiente e libre, que non recibe educación nin está suxeita a ningúnha norma, pero é feliz facendo uso da súa imaxinación, creatividade e invento e vivindo alocuadas aventuras xunto cos seus veciños Tommy e Annika.

**ANNE, A DE TELAS VERDES.** Lucy Maud Montgomery.  
Anne Shirley é unha nena orfa de anos anos que é acollida polos irmáns Cuthbert na súa granxa de Telas Verdes.

Anne non é unha nena convencional; a súa poderosísima imaxinación é capaz de crear un mundo alternativo á vez que lle ocasionará algún que outro problema, que acabará esquecido porque a súa personalidade bondadosa, alegre e intelixente vai cativar aos habitantes de Avonlea.

**MOMO.** Michael Ende  
Momo é unha pequena nena que vive nas ruínas dun anfiteatro. Ten moitos amigos porque é boa, cariñosa e sabe escoitar e atopar solución para todos os problemas que lle contan os demais.

Pero Momo terá que enfrontarse, xunto coa súa tartaruga, cos Homes Grieses que planean roubar o tempo dos habitantes dese cidade.

Nesa misión, Momo contará coa axuda dun estralo Dorado de Tempo.

**ALICIA NO PAÍS DAS MARAVILLAS.** Lewis Carroll  
Alicia atópase aborrecida lendo un libro sobre unha drifera cando aparece un coello con chapeiro branco. A nena ligoa e así sabe para adentrarse nun mundo cheo de obxectos e paradoxas lóxicos.

Aí Alicia cambia de estalote comendo setas e pasando ao debaixo d'auga, toma té con xabarros, voa, atopa un estirno pinto e unha oruga azul que fuma cigarros e así a nena sabe que a finais de Contosín lle corre o perigo.

A Biblioteca propón unha serie de libros nos que *as nenas contan moito*.

**NENAS QUE CONTAN MOITO**

**GUÍA LECTURA BIBLIOTECA LES MUGARDOS**

**MATELA.** Rosalind Wiseman  
Matiela Wiseman é unha nena de cinco anos cunhas capacidades extraordinarias.

Ou pai de Matiela non se preocupa dela en absoluto nin se tenta materializar nin afectos.

Cando comen e escolle é mozo superior aos seus compañeiros, polo que chama a atención do profesor Hone que pide que a parece a unha clase máis avanzada máis a firme opinión do mozo do director.

Matiela é a súa Hone atópase desmontando unha bonita amizade.

**CELIA Y SUS AMIGOS.** Elena Fortín  
Celia ten sete anos e o seu carácter impetuoso, os seus traveseiros, a súa facilidade para meterse en feos traxes de cobalto así como os seus pais que deciden enviá-la nun colégio.

Parén a máis e a súa inmadurez, sinceridade e particular fecho engañados.

## Podcast

Neste podcast repasamos a vida e obra de **Florencio Delgado** da man de Ángela P., Laura G., Lía R., Lorena A., Mareme F. e Zoe P. (2º Bach)

**Letras Galegas 2022: Florencio Delgado Gurriarán**

Repaso da vida e obra de Florencio Delgado Gurriarán da man do alumnado de Obradoiro de teatro (2º Bach)

16 de mayo de 2022

04:59

## Pintura

**Amencer no océano**

**Vladimir Kush** é un pintor ruso, nado en 1965, que define a súa arte como surrealismo metafórico. Fortemente influenciado por *Salvador Dalí*, os seus cadros poden considerarse como unha oda cara ao existencialismo europeo do século XX por todas as referencias literarias que ten. A pregunta «*É ou non é?*» pódese ver en practicamente toda a súa obra e é aí onde se desenvolve a idea principal das súas metafóras.



## Celebramos o maio

O luns 9 de maio Mugardos voltou a recuperar a festa dos Maíos impulsada pola asociación cultural Apelón Educación para os centros educativos. Logo de dous anos sen podermos baixar á vila, o alumnado deuse cita no cantón de Cora para a realización dos monumentos vexetais. No noso caso, participapamos co alumnado de 1.º ESO, que confeccionou unhas coplas, e o mais FP Básica, que se encargou da estrutura do barco floral. Ademais, axudaron aos máis cativos a colocar as flores. Para completar a festa actuou a cantautora MJ Pérez



**2022**  
**Maíos**  
 IES de Mugardos

*Déano-lo maio, donas e cabaleiros se non teñen maio, déannos diñeiro.*

*Chega a primavera máscaras pra fóra, as caras entreiras moito máis nos molan.*

*As caras da xente son todo un poema, ningún é máis guapo que antes da pandemia.*

*Escribimos maíos con emoticonas mira que ben riman co móbil as coplas.*

*As nosa coplas non imos cantar senón este maio chove sen parar.*

*Chove sen parar, chove sen parar como as Taxugueiras viñemos pra quedar.*

*Os buses tarde chegan non hai quen o entenda moi cedo ou moi tarde vivimos coa sorpresa*

*Ollo ós megavattos das vosas facturas como te descolides pagas unha fortuna.*

*Tampouco a gasolina ten contenta a xente, agora pides viñte e pagas dezasete.*

*Polo fin da guerra debemos traballar, é cousa de todos esixir a paz.*

*Paremos a guerra non queremos mortes. Queremos a paz, xuntos somos fortes.*

*Xuntos somos fortes non hai quen nos pare, facendo deporte non hai quen nos gañe.*

*Estamos no instituto moi ben entrenados, ata nos recreos temos campionatos.*


*Pouco tempo queda para as vacacións, e aínda non fixemos ningunha excursión.*

*Bailando a muiñeira despedimos o curso este ano só haberá exames en xuño.*


*Dos piollos este ano case nos libramos, eles tamén queren estudar bacharelato.*

*E víche-lo maio, e víche-lo ben, agora xa se foi ato o ano que vén.*

Alumnado de 1.º ESO  
Curso 2021-2022




## O ceo homérico de Mugardos



Fenómenos atmosféricos captados ao longo do curso dende a ventá do departamento no que, a primeira hora, gozabamos de todo o que ofrece a aprendizaxe da lingua grega.

E nese ceo de Mugardos viamos á *aurora de rosáceos dedos*, á *aurora de peplo azafranado*, a *Zeus que amorea nubes* ou a *Iris, mensaxeira dos deuses*, esas divindades que a lectura de Homero deixou fixadas no noso recordo ligadas ao seu epíteto épico.

## Mulleres do mar



Homenaxe ás mulleres do mar con entrevistas do alumnado de 2º ESO

## 4-maio

## Día de Star Wars

Estas son as únicas guerras que queremos



## Despedida de 2º Bacharelato



A tarde do venres, 20 de maio, celebramos o acto de despedida da flamante promoción de bacharelato 2020-2022. Foi un acto emotivo para o alumnado que deixa unha fonda pegada no instituto. Parabéns ao novos bachareis que afrontan unha nova etapa nas súas vidas. Grazas ao profesorado que os acompañou en toda a súa traxectoria escolar. Moi agradecidos ao Casino Mugardés que nos cedeu as súas instalacións para compartirmos o acto cos familiares a achegados. Para todas as familias, o noso recoñecemento por confiarnos unha parte importante da educación dos seus fillos e fillas. Que a forza vos acompañe.